

REGULAMENTO

cee.gal - deportes@cee.gal



7ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2022 "NOCTURNA"

SÁBADO 2 DE XULLO DE 2022

VII CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES CORRENDO POLA COSTA DA MORTE 2022
VIII CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS PROVINCIAIS 2022

ORGANIZA:



CONCELLO DE CEE



PATROCINAN E COLABORAN:





7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

2

ÍNDICE

	PÁX.
1. IDEOLOXÍA DA 7ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2022	3
2. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS	4
3. PERCORRIDOS	5
4. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE	10
5. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS	11
6. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS	12
7. INSCRICIÓNS	13
8. CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS	15
9. ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA	17
10. ANEXO 2. CARTEL DA 7ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2022	18



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

IDEOLOXÍA DA 7ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE CEE 2022

3

A 7ª Carreira Pedestre Concello de Cee 2022 que terá lugar o sábado 2 de xullo, enmárcase dentro do **Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”**, onde a ideoloxía non é outra que o fomento da práctica de actividade físico-deportiva como unha ferramenta máis para acadar unha vida máis saudable.

Esta proba está incluída no **Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo** e forma parte do **“VIII Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial da Coruña 2022”**.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (nados no 2019 e anteriores).

7º CIRCUITO 2022
CORRENDO POLA
COSTA DA MORTE

CEE
VII CARREIRA PEDESTRE Concello de Cee
02 de xullo de 2022

HORARIO

- 21:00 PITUFO
- 21:10 BENXAMÍN
- 21:25 ALEVÍN
- 21:40 ABSOLUTA 3K CONTRA O CANCRO
- 21:42 INFANTIL - CADETE - XUVENIL
- 22:10 10K SÉNIOR - M40 - M50

As entregas de trofeos realizaranse ao remate de cada unha das probas

INSCRICION E INFORMACIÓN: www.correndopolacostadamorte.com
PREZOS: Inscripción de carreira 8€+1€ (o prazo remata o domingo 26 de xuño ás 23:59)

Colaboradores: GRUPO SUB, DEQUIP, AURORA, PACTO DE ESTADO, XUNTA DE GALICIA, Xacobeo 2021, Coca-Cola, Sa Voz de Galicia, GADIS, Form, Bazarra, NON, etc.

Cartel 7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

REGULAMENTO 7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022 – SÁBADO 2 DE XULLO



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS

4

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIA	HORARIO SAÍDA
Pitufo	Mixto	2015-2019 (ambos incluídos)	400 metros	21:00 horas
Benxamín	Masculino Femenino	2013-2014	1.000 metros	21:10 horas
Alevín	Masculino Femenino	2011-2012	1.000 metros	21:25 horas
Infantil	Masculino Femenino	2010-2009		
Cadete	Masculino Femenino	2008-2007	3.400 metros	21:42 horas
Xuvenil	Masculino Femenino	2006-2005		
Sénior 3K <small>Contra o Cancro</small>	Masculino Femenino	2004 (incluído) e anteriores	3.400 metros	21:40 horas
Sénior 10K	Masculino Femenino	1983-2004		
Veteranos M40	Masculino Femenino	1973-1982	10.200 metros	22:10 horas
Veteranos M50	Masculino Femenino	1972 (incluído) e anteriores		

- Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados na web e na app do circuito www.correndopolacostadamorte.com, na web www.championchipnorte.com, así coma na web municipal cee.gal



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022


cee.gal - deportes@cee.gal

PERCORRIDOS

5

Todos e cada un dos circuítos discorren polo núcleo urbano da vila.

Carreira 1: PITUFOS (400 metros)



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao "CIRCUÍTO A". Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Museo Fundación Fernando Blanco e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=9451315>




7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

Carreira 2: BENXAMÍN (1.000 metros)

6



CIRCUÍTO "B" (1.000 m.)

DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao "CIRCUÍTO B". Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución (zona interior), antiga Escola de Música Municipal, Rúa Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa de Cultura, Rúa Europa e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=102673612>



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

Carreira 3: ALEVÍN (1.000 metros)

7



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao “CIRCUÍTO B”. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, antiga Escola de Música Municipal, Rúa Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa de Cultura, Rúa Europa e chegada diante do Concello.

CONSULTAR TRACK:


<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=102673612>



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

Carreira 4: INFANTIL, CADETE, XUVENIL e SÉNIOR 3K Contra o Cancro (3.400 metros)



DESCRIPCIÓN: completar 1 volta ao **"CIRCUITO C"**. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, Rúa Rosalía de Castro, Rúa da Mariña, Rúa Fornelo, Porto de Brens, Rúa Fornelo, Rúa da Mariña, Rúa do Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa da Cultura, Rúa Europa e Rúa Domingo Antonio de Andrade.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=16359361>




7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

Carreira 5: SÉNIOR 10K, VETERANOS M40 E VETERANOS M50 (10.200 metros)

9



DESCRICIÓN: completar 3 voltas ao **"CIRCUITO C"**. Saída diante da Casa do Concello, Rúa Domingo Antonio de Andrade, Rúa Alvarellos Berrocal, Praza da Constitución, Rúa Rosalía de Castro, Rúa da Mariña, Rúa Fornelo, Porto de Brens, Rúa Fornelo, Rúa da Mariña, Rúa do Paseo do Alcalde D. Pepe Sánchez, Hospital Virxe da Xunqueira, Casa da Cultura, Rúa Europa e Rúa Domingo Antonio de Andrade.

CONSULTAR TRACK:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=16359361>



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

10

1. A **7ª Carreira Pedestre Concello de Cee 2022** rexerese pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes*).
2. Todas as persoas participantes recoñecen e asumen, expresamente, o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio aínda cando a organización adopte toda unha serie de medidas para que isto non se produza. Nalgúns casos a adopción de tales medidas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.
3. A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** do Concello de Cee e da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
4. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.
5. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estime oportuno por razóns de seguridade.
6. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
7. Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, consideraranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
8. Non se permitirá a participación de ningunha persoa que nos estea inscrita na competición.
9. As diferentes probas estarán controladas polo **Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo**.
10. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da Federación Galega de Atletismo, RFEA e IAAF en vigor.
11. A organización da proba porá a disposición dos participantes (*previa identificación e acreditación*):



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

- O **Pavillón Municipal de Cee** para que os participantes se podan cambiar e duchar (*sito na rúa da Escola s/n - Cee*).
 - **Servizo de garda roupa** para os participantes da proba que estará ubicado no kiosko de Coca Cola (cor vermella) a carón da porta de entrada á Casa do Concello de Cee.
12. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
 13. Os/as corredores de circuíto que non confirmen a asistencia dentro dos prazos establecidos, implicará que ese corredor ou corredora non terá dereito á camiseta conmemorativa da proba, aínda que si poderá correr.
 14. Os/as participantes adultos recibirán 1 camiseta conmemorativa no momento da recollida dos dorsais. Para ter dereito á camiseta é obrigatorio a recollida persoal.
 15. No proceso de inscrición ás carreiras do circuíto no se pide talla da camiseta, polo tanto non se garantirá a talla das camisetas.
 16. Descualificacións:
 - O servizo médico da proba está facultado para retirar durante a carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
 - Todo atleta que non realice o percorrido completo que lle corresponda.
 - Todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
 17. A carreira 10K estará sinalada cada quilómetro.
 18. Na carreira de 10K habilitarase, no punto **6.800 m.**, un avituallamento líquido. As demais carreiras terán un único avituallamento: o especial de meta.
 19. Xunto co dorsal e o chip farase entrega da camiseta conmemorativa aos participantes adultos.

11

DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

As inscricións formalizaranse a través da web www.correndopolacostadamorte.com

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

1. As/os atletas menores de idade deberán entregar a autorización de participación debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor legal no momento da recollida do dorsal (xúntase no anexo deste regulamento).
2. As/os atletas inscritos declaran que están en bo estado físico e teñen pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
3. As/os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas.
4. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
5. A/o atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet, (...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

12

SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

1. Para recoller os dorsais, chips, e camisetas será **imprescindible a presentación do DNI para acreditar a identidade da/o deportista**.
 - **Non poderá ser recollido o dorsal nin a camiseta por un terceiro.**
 - As/os atletas menores de idade deberán entregar a autorización de participación debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor legal no momento da recollida do dorsal (xúntase no anexo deste regulamento).
2. Para controlar as probas se estableceran controis de cronometraxe por chip e deberán ir suxeitos aos cordóns das zapatillas.
3. Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías **agás pitufo**.
4. Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).
5. O/a atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuito.
6. O/a atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

7. Tanto os dorsais coma os chips (no caso de non posuílos) poderanse recoller nas mesas de inscrición habilitadas para tal fin no **“1º andar da Casa do Concello de Cee” a partir das 19:30 horas e ata 30 minutos antes do inicio de cada carreira.**
8. Os **corredores de circuíto 10K, 3K Contra o Cancro** deberán usar obrigatoriamente **“chip amarelo”**. Os corredores de **circuíto de categorías base** deberán usar obrigatoriamente **“chip verde”**. Do mesmo xeito empregarán un único dorsal para todas as probas do circuíto.
 - Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuíto na que participen os inscritos, no lugar habilitado para tal efecto.
 - No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.
 - No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. **No suposto de necesitar un terceiro dorsal, deberá solicitalo e aboalo a ChampionChip.**
9. Os **corredores de carreira** usarán o **“chip de carreira”**. Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip e antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
10. Os **chips son persoais e intransferibles** polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

13

INSCRICIÓN

NON SE PERMITIRÁ A PARTICIPACIÓN NIN COMO CORREDOR DE CARREIRA NIN CIRCUÍTO EN MÁIS DUNHA PROBA.

1. As inscricións realizaranse a través da páxina web **www.correndopolacostadamorte.com**
2. As inscricións para **CORREDORES/AS DE CARREIRA** realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:
 - Ata o **domingo 26 de xuño anterior á proba ás 23:59 horas**: 8€ + 1€ aluguer + 5€ en concepto de fianza do chip que será reembolsada pola empresa de



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

cronometraxe, na seguinte semana ao remate da proba, unha vez comprobado que o chip devolto corresponde coa persoa inscrita.

14

3. As inscricións para **CORREDORES DE CIRCUÍTO** realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:

- As inscricións para os corredores de circuítio poderán formalizarse ata o **domingo 26 de xuño ás 23:59 horas** cun prezo de 35€ + o custo do chip no caso de non posuílo en propiedade.
- Independentemente de realizar a inscrición no prazo anteriormente indicado, todos/as atletas de circuítio **DEBERÁN CONFIRMAR DE MANEIRA OBRIGATORIA A SÚA ASISTENCIA A CADA CARREIRA (AGÁS Á DE CAMARIÑAS)**. A data límite para a confirmación será o **luns 27 de xuño previo á celebración da mesma ás 23:59 horas**.

O feito de non confirmar a asistencia dentro dos prazos establecidos implica que ese corredor non terá dereito á camiseta conmemorativa da proba, aínda que si poderá correr.

4. As inscricións para os atletas de **CATEGORÍAS BASE** deberán realizarse a través da plataforma **www.correndopolacostadamorte.com**

- A inscrición para as categorías base será **gratuíta**, nembargantes deberase **aboar unha fianza de 5€ polo uso do chip que será reembolsada pola empresa de cronometraxe**, na seguinte semana ao remate da proba, unha vez comprobado que o chip devolto corresponde coa persoa inscrita.
- Todos os atletas de categorías base deberán formalizar e presentar a autorización paterna asinada polo pai, nai ou titor no momento da recollida do seu dorsal. Dita autorización poderá ser descargada da páxina **www.correndopolacostadamorte.com**
- As inscricións para **CORREDORES DE CARREIRA** poderán formalizarse ata o **domingo 26 de xuño anterior á proba ás 23:59 horas**.
- As inscricións para os **CORREDORES DE CIRCUÍTO BASE** (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) poderán formalizarse ata o **domingo 26 de xuño anterior á proba ás 23:59 horas**.



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS

15

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 10K:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40, M50) independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuíto.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio como gañadores absolutos o gañador e gañadora da carreira 10K, independentemente da súa categoría.
- Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a empadroad/a do concello organizador.
- Os equipos só recibirán trofeo e/ou medalla na gala final.

CLASIFICACIÓNS DA PROBA 3K CONTRA O CANCRO:

- Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Absoluta (nados en 2004 e anteriores), Xuvenil, Cadete e Infantil independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuíto.

CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS BENXAMÍN E ALEVÍN:

Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Benxamín e Alevín.

MEDALLAS CONMEMORATIVAS:

Ademais nas categorías Pitufu, Benxamín e Alevín, recibirán medalla conmemorativa todos os participantes en ditas probas.



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

Máis información referida á clasificación do circuío, por equipos, etc. consultar regulamento na web do circuío www.correndopolacostamorte.com onde se detallan todas estas cuestións.

16

ENTREGA DE TROFEOS

As entregas de trofeos realizaranse ao remate de cada unha das probas.



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA

17

AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES 7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

D/Dna. _____

Con DNI nº _____, e como pai/nai ou titor-a, autorizo, baixo a miña responsabilidade, a que: _____

con DNI nº _____, e nado/a en _____ con data _____ participe na **7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE**

CEE 2022 recoñecendo expresamente que se atopa en condicións físicas axeitadas para a práctica do exercicio físico e eximindo de toda responsabilidade aos organizadores, patrocinadores, colaboradores e voluntarios en canto ao desenvolvemento das súas funcións se refire. Así mesmo, autorizo expresamente a Championship e á Organización para o uso das imaxes en soporte fotográfico e/ou audiovisual que se captan durante as diferentes probas do circuíto sen ningunha limitación territorial nin temporal, polo que as imaxes fotográficas e/ou audiovisuais, poderán ser utilizadas, de xeito total ou parcial, por Championship e a Organización para a súa publicación en medios de comunicación, distintos soportes para a promoción e difusión da carreira, e nas webs www.correndopolacostadamorte.com www.championshipnorte.com, e nas súas respectivas redes sociais, por un prazo de tempo ilimitado e sen contraprestación algunha. Para que así conste, asino a presente en _____, a _____ de _____ de 2022



7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

cee.gal - deportes@cee.gal

ANEXO 2. CARTEL DA 7ª CARREIRA PEDESTRE NOCTURNA CONCELLO DE CEE 2022

O CIRCUITO 2022 CORRENDO POLA COSTADA MORTE

CEE

VII CARREIRA PEDESTRE Concello de Cee 02 de xullo de 2022

HORARIO

21:00	PITUFO
21:10	BENXAMÍN
21:25	ALEVIN
21:40	ABSOLUTA 3K CONTRA O CANCRO
21:42	INFANTIL - CADETE - XUVENIL
22:10	10K SÉNIOR - M40 - M50

As entregas de trofeos realizaranse ao remate de cada unha das probas

INSCRIPCIÓN E INFORMACIÓN: www.correndopolacostadamorte.com

PREZOS: Inscripción de carreira 8€+1€ (o prazo remata o domingo 26 de xuño ás 23:59)

Organiza:

 CONCELLO DE CEE
 INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES

patrocina:

 XUNTA DE GALICIA
 Xacobeo 2021

Colaboran:

aecc Circuito 3K Contra o Cancro

Madríña do circuito:
TERESA CASTRO VILLAVEVERDE